PARLAMENTO DE GALICIA

Na sala de comisións do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión N.P. de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia,** o día **16 de novembro de 2020, ás 11:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Don Martín Fernández Prado (P)
(Presidente)
Dona Patricia Otero Rodríguez (S)
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Don José Luis Ferro Iglesias

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Don Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Dona Paloma Castro Rey

Letrada:
Dona Purificación López Gómez

O señor presidente abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Elección da Vicepresidencia (artigo 50 do Regulamento).

O señor presidente, previamente, lémbralles ás súas señorías que esta comisión ten carácter paritario e que a elección da Mesa da Comisión debe facerse polo sistema de voto ponderado nos termos que preceptúa o artigo 50 do Regulamento da Cámara.

Deseguido, indícalle aos representantes dos diferentes grupos parlamentarios que, se é o caso, propoñan a súa candidatura para a Vicepresidencia, e, unha vez coñecida a candidatura sométese a votación.

PARLAMENTO DE GALICIA

O representante do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, propón como candidato ao señor Bará Torres, don Xosé Luis.

Non hai máis intervencións e non se manifestan obxeccións ao respecto.

Por conseguinte, sométese a votación a devandita proposta, que resulta aprobada por unanimidade e o señor presidente proclama **vicepresidente** a **don Xosé Luis Bará Torres**, **do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**.

A seguir, continúase coa substanciación da orde do día e pásase ao debate do punto segundo:

Punto 2. Aprobación das normas de funcionamento da Comisión.

O señor presidente, logo de agradecerlle aos grupos parlamentarios a súa confianza, comunica que, dentro do prazo establecido ao efecto, que rematou o pasado día 14 de novembro non se presentaron emendas á proposta de normas de funcionamento elaborado pola Mesa da Comisión na súa reunión do pasado día 11 de novembro.

Non hai intervencións e non se manifestan obxeccións ao respecto, polo que se somete a votación a proposta de normas de funcionamento da Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia elaboradas pola Mesa desta Comisión, que resultan **aprobadas por unanimidade**, polo sistema de voto ponderado.

O texto aprobado é o seguinte:

"Normas de funcionamento da Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia

I. Obxecto e duración

Artigo 1

A Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia créase co obxecto de pór en marcha un instrumento institucional na Cámara galega que sirva de foro de estudo e debate e ofreza propostas de solución para mellorar a seguridade viaria en Galicia e reducir a sinistralidade, co fin de rematar os traballos realizados nas IX e X lexislaturas.

Artigo 2

A Comisión créase para a concreta función de estudio prevista no artigo 1 e extinguirase ao remate do labor encomendado e, en todo caso, ao concluír a lexislatura.

II. Organización

PARLAMENTO DE GALICIA

Artigo 3

A Mesa é o órgano de goberno da Comisión e terá as seguintes atribucións:

a) Recompilar todo tipo de información sobre o obxecto da Comisión.
b) Organizar as actividades que se consideren necesarias para dotar a Comisión de toda a información que sexa de interese para a elaboración do ditame.
c) Preparar os documentos que deban ser sometidos á deliberación da Comisión.
d) Propoñerlle á Comisión un Plan de traballo, escoitadas as persoas portavoces dos grupos parlamentarios presentes na Comisión e unha vez remitidos por aquelas as correspondentes propostas de plan de traballo.
e) Executar os acordos tomados pola Comisión.
f) Aquelas que en calquera momento lle asigne a Comisión.

III. Funcionamento

Artigo 4

A Comisión será convocada pola súa presidencia, de acordo coa Presidencia do Parlamento, por iniciativa propia, a petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte das deputadas e dos deputados da Comisión.

Artigo 5

1. A Comisión e a súa Mesa entenderanse validamente constituídas cando asistan a

metade máis un das deputadas e dos deputados pertencentes a estes órganos.

2. Os acordos adoptaranse por maioría.

IV. Medios de acción

Artigo 6

A Comisión poderá exercer as facultades previstas no artigo 44.1 do Regulamento da Cámara. Estas facultades, atribuídas á Comisión no seu conxunto, poderán delegarse na súa Mesa, ao abeiro do disposto na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

Artigo 7

A Comisión aprobará un plan de traballo, no que figurará o calendario xeral de actividades.

V. Ditame

PARLAMENTO DE GALICIA

Artigo 8

A Comisión aprobará un proxecto de ditame que conterá as conclusións ás que chegue.

Artigo 9

Se a Comisión designara unha ponencia, esta elaborará o proxecto de ditame.

Artigo 10

Redactado o proxecto de ditame, remitirase á Comisión para o seu debate e, se é o caso, a súa aprobación.

Artigo 11

As deputadas e os deputados da Comisión poderán presentar emendas ao proxecto de ditame dentro dos cinco días hábiles seguintes a súa remisión.

Artigo 12

O proxecto do ditame coas emendas presentadas será obxecto de debate no seo da Comisión, para a súa aprobación definitiva por aquela.

Artigo 13

Os grupos parlamentarios e as deputadas e os deputados da Comisión poderán formular votos particulares ao ditame cando discrepasen do seu contido. Os votos particulares deberán presentarse á Mesa da Comisión dentro dos cinco días hábiles seguintes á finalización do ditame.

Artigo 14

1. O ditame cos votos particulares que houbese seranlles remitidos á Mesa do Parlamento, nos cinco días hábiles seguintes á súa terminación, para os efectos da súa tramitación e aprobación no Pleno, se fose procedente.

2. O ditame cos votos particulares que houbese, serán publicados no BOPG.

Disposición derradeira única

En todo o non previsto nestas normas aplicarase supletoriamente o Regulamento do Parlamento de Galicia".

A continuación, pásase á tramitación do punto terceiro:

PARLAMENTO DE GALICIA

Punto 3. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

O señor presidente, pregunta aos membros da comisión se están de acordo en aprobar a precitada delegación na Mesa desta Comisión destas facultades que se lle atribúen á comisión no seu conxunto, consonte ao disposto na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986, e de acordo co preceptuado no artigo 6 da normas de funcionamento que se acaban de aprobar.

Non se manifestan obxeccións ao respecto, polo que se somete a votación e resulta **aprobada por unanimidade**.

Deseguido, procédese á tramitación do punto cuarto:

Punto 4. Apertura de prazo para que os grupos parlamentarios poidan formular suxestións para a elaboración dunha proposta de plan de traballo.

O señor presidente, comunica que o prazo proposto pola Mesa desta comisión, na súa reunión do pasado día 10 de novembro, é de **quince días** para a presentación polos grupos parlamentarios de propostas do plan de traballo da comisión que somete a consideración de todos os membros e que resulta **aprobado por asentimento**, no entanto, solicita a palabra o señor Bará Torres, don Xosé Luis (BNG) para salientar o aproveitamento dos traballos da anterior lexislatura, que considera que con elo terían bastante traballo avanzado, ao que o señor presidente lle indica que se intentará buscar unha data próxima para intercambio de impresións.

Por conseguinte, o prazo para a presentación de propostas polos grupos parlamentarios para a elaboración do plan de traballo da comisión remata o próximo día **3 de decembro, xoves, ás 18.30 horas**.

Sen máis asuntos que tratar, o señor presidente levanta a sesión.

Remata a sesión ás 11:45 horas.

V. e pr.

Martín Fernández Prado
Presidente da Comisión

Martín Fernández Prado
Firmado digitalmente por Martín Fernández Prado
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Martín Fernández Prado, email=martin.fernandez.prado@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2020.12.01 10:23:21 +01'00'

Patricia Otero Rodríguez
Firmado digitalmente por Patricia Otero Rodríguez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia Otero Rodríguez , email=patricia.otero.rodriguez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2020.12.01 09:26:49 +01'00'

Patricia Otero Rodríguez
Secretaria da Comisión

..